



CEIP LABACA

Curso 2022/23

## O NOSO COMPROMISO

En Jardanay apostamos por unha comida fresca, saborosa e de calidade, elaborada con moito cariño. Baseámonos en receitas tradicionais traballadas con esmero polo noso persoal para lograr unha cociña caseira, natural e variada. Son os pequenos detalles, como facer caldos de base con produtos frescos ou fuxir de calquera alimento precociñado, o que consegue darlles o seu característico sabor caseiro aos nosos pratos.

Os menús son variados e estacionais, apostando polos provedores locais. Para realizalos, coordinamos varios departamentos —Cociña, Calidade e Nutrición—, sen esquecer as necesidades das persoas alérxicas ou intolerantes. Os pratos prepáranse cada mañá na nosa cociña central e, ao mediodía, xa están na mesa, quentes e sen perder ningunha propiedade organoléptica (cheiro, sabor, textura) nin nutricional. Consegúmolo xuntando nosos máis de 20 anos de experiencia cunhas estritas normas de seguridade tanto na elaboración como no transporte de servizo, nun proceso avalado coa **norma ISO 22000** de seguridade alimentaria.

Para calquera información adicional sobre o noso traballo e valores, chámamos ou visita a nosa web!

## MÁIS INFORMACIÓN E CONTACTO

OFICINAS JARDANAY: Menéndez Pelayo 12, 1ª Izda • A Coruña • Tel. 981 12 66 27  
(Horario: de 8:00h. a 18:00h) • [comedor@jardanay.es](mailto:comedor@jardanay.es) | [www.jardanay.es](http://www.jardanay.es)

COORDINADOR/A: Tel. 607 054 928

JARDANAY

COCINA CON  
SABOR HECHA  
CON ♥

## NOVIDADES CURSO 2022-23

Esperamos que durante este curso escolar a situación volva á normalidade en moitos aspectos. En todo caso, **adaptaremos os nosos servizos nos comedores e o tempo libre á normativa sanitaria** que a Xunta de Galicia define para o curso escolar, actualizando os nosos protocolos especiais de limpeza e seguridade.

Tal e como sucedeu os dous cursos pasados, se como consecuencia destes protocolos a capacidade do comedor visese limitada, **seguiríamos os criterios de acceso ao comedor marcados pola ANPA.**

Este curso incorporamos tamén o **servizo de cambiadores**, que explicamos máis adiante.

## ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS - PRAZOS E OPERATIVA

### PRAZOS

- **Inicio curso:** As inscricións de inicio de curso 2022-2023 poderanse realizar desde o día 1 de xullo ao 30 de agosto, ambos incluídos, a través da plataforma online.
- **Durante o resto do curso:** as novas altas, baixas ou modificacións sobre a alta inicial poderanse realizar na web ata o día 26 do mes en curso e faranse efectivas unicamente a partir do día 1 do mes seguinte.
- Non terán efecto as comunicacións fóra de prazo nin con defectos de forma.

### OPERATIVA

Recordamos que é obrigatorio ser socio/a da ANPA para facer uso dos servizos de comedor e madrugadores.

Os formularios cumprimentaranse exclusivamente a través da nosa páxina web (apartado área clientes e centro escolar). Non se poderán realizar altas, baixas ou modificacións por teléfono nin por correo electrónico. As claves para acceder á área privada do centro son:

- **Usuario:** labaca
- **Contraseña:** comedores2022

Unha vez dentro da zona privada, os diferentes formularios aparecerán na parte esquerda da pantalla. No caso de querer solicitar máis dun servizo ou para máis dun neno ou nena, deberase encher e enviar un formulario por cada un deles de cada vez.

Se o formulario está correctamente rexistrado, recibírase unha copia da solicitude ao correo electrónico. No caso de altas ou modificación de días no comedor, recibírase adicionalmente un segundo mail confirmando a praza. Nestes dous supostos, é imprescindible contar con este **mail de confirmación** para facer uso dos servizos. Non é necesario o mail de confirmación para o resto de supostos (madrugadores, baixa do servizo, etc).

Para facer uso do servizo de forma **esporádica**, é necesario estar rexistrado/a en esta modalidade e, no caso do comedor, avisar o día anterior a acudir mediante teléfono (ao coordinador/a) ou correo electrónico.

## DIETAS E ALERXIAS ALIMENTARIAS

- **Dieta branda:** avísade no teléfono do coordinador/a ou na oficina antes das 09:00 da mañá.
- **Alerxias ou intolerancias alimentarias** (ex. *enfermidade celíaca*): **haberá que** cubrir o formulario electrónico correspondente no momento da inscrición achegando informe médico. Enviarase un mail de confirmación autorizando á incorporación. Non admitiranse solicitudes por calquera outro medio (mail, teléfono, centro, etc).

## SERVIZO DE CAMBIADORES

Mediante este servizo, destinado ao alumnado de Educación Infantil, o persoal de Jardanay desprazarase ao centro escolar para cambiar ao neno ou nena se fose necesario. O horario de atención é o horario lectivo (durante as clases), madrugadores e comedor.

## SEGURO DE ACCIDENTES

Realizarase un pagamento único de 8,00 €, que se aboará co primeiro recibo dos servizos contratados. A inscrición en modalidade esporádica non implica o pagamento do seguro ata que se faga uso dos servizos. Se o alumno/a necesita atención sanitaria cuberta polo noso seguro, é imprescindible avisar o coordinador/a do centro. No caso de posteriores consultas, é necesario contar coa autorización da oficina de Jardanay.

## FORMA DE PAGO

- Sempre mediante **domiciliación bancaria**, o día 15 de cada mes.
- Os alumnos/as esporádicos/as pagarán "in situ" a través do sistema de vales.
- A ausencia ou non uso dalgún servizo non exime do pago da cota.

## ¿CANTO CUSTAN OS SERVIZOS?

### Curso 2022-2023 - comedor\*

Modalidade	Prezo mes
Fixo mes	82.34
Fixo 4 días	67.57
Fixo 3 días	51.19
Fixo 2 días	34.32
Fixo 1 día	17.26
Esporádico	5.95

### Curso 2022-2023 - madrugadores\*

Modalidade	Con almorzo	Sen almorzo
Fixo mes	35.04	21.90
Fixo 4 días	29.07	19.71
Fixo 3 días	21.81	14.79
Fixo 2 días	14.54	9.86
Fixo 1 día	7.26	4.93
Esporádico	2.50	2.00

\*Cando acudan dous irmáns/ás ao comedor, aplicarase un **desconto do 10%** para a modalidade máis económica. Se son tres ou máis irmáns/ás, o **desconto será do 12%**, tamén nas modalidades máis económicas. A modalidade esporádica non ten descontos.

### Curso 2022-2023 - servizo cambiadores

Precio mes	Por intervención
15.00	2.00